

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Títulos académicos

.....

.....

.....

Coñecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Conseilleiro de Economía e Facenda

Orde do 6 de xuño de 2007 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 27.º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, un posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as que reúnan as condicións que para os postos de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Economía e Facenda (edificio administrativo de San Caetano, bloque terceiro, baixo, Santiago de Compostela), nas súas delegacións territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións

públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán xuntarlle á petición un currículo e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de resultar seleccionado, para ocupar o posto de traballo sinalado no anexo I desta orde, persoal funcionario con destino noutra Administración pública, requirirase o informe favorable do departamento no que presta servizos, considerándose neste sentido de non emitirse no prazo de 15 días, tal como dispón o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. Unha vez tramitado o seu traslado a esta comunidade autónoma adxudicárase o posto para o que foi seleccionado.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade que o novo, ou dun mes de tratarse de distinta localidade ou de reingreso ao servizo activo, e este comezará a contar desde o día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se a resolución comporta o reingreso ao servi-

zo activo o prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación dela.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante este mesmo órgano no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, á súa escolla, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2007.

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

ANEXO I

Código do posto: EFC991000027001074.
Denominación: xefe/a de Servizo de Recadación.
Nivel: 28.
Complemento específico: 10.929,12 €.
Grupo: A/B (escalas superior ou técnica de finanzas).
Corpo ou escala: Xeral(finanzas A9.1/A9.4).
Tipo de posto: N.
Tipo de adscrición: (A11) adscrición indistinta a funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado, Administración de comunidades autónomas.
Formación específica: (640) para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (RI).
Centro directivo ou dependencia: delegación territorial.
Localidade: Lugo.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

NOTA: útese o publicado nas páxinas 10.559 e 10.560.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 13 de xuño de 2007 pola que se modifica a Resolución do 10 de maio de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de Educación convocados pola Orde do 9 de outubro de 2005.

Por sentenza 00306/2007, do 28 de marzo, da sección 001 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anúlase o

acordo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 3 de novembro de 2005, polo que se decide corrixir a Orde do 9 de outubro de 2005 na que se convocaba concurso de traslados para a provisión de prazas vacantes na Inspección educativa, declarando a vinculación da Administración á oferta contida nas bases da convocatoria.

Coa finalidade de executar a referida sentenza, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Modifícase parcialmente a Resolución do 10 de maio de 2006, pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de Educación, adxudicándose destino definitivo, na sede de inspección da Coruña, con efectividade do 1 de setembro de 2006, aos inspectores que se relacionan no anexo á presente orde.

Segundo.-Quedando vacantes nos sectores de Ferrol e Santiago de Compostela e en cumprimento da base décimo cuarta da Orde do 9 de outubro de 2005, os centros pertencentes a estes sectores serán atendidos polos inspectores destinados noutro sector da mesma sede, que determine o delegado provincial e que tivesen menor puntuación neste concurso de traslados.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

DNI	Apelidos e nome	Puntuación
32421715	Estrada Arias, Berta María	37,480
32371766	Álvarez Lata, Fermín	37,320
37672178	Corredoira López, Manuel	32,695
33843526	Fernández Fraga, Fernando	31,657
32451989	Varela Vázquez, Juan Carlos	29,067
32364309	Perujo de Llano, Félix Santiago	22,067

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 6 de xuño de 2007 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo vacante no Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña.

Convocada, por Orde do 28 de marzo de 2007 (DOG nº 67, do 4 de abril), a provisión dun posto de persoal directivo vacante no Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo, esta consellería, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo,